



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso
administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2024/G010/000018
Sesión núm. 18/2024-Pleno

DECRETO DA ALCALDÍA DA CONVOCATORIA DO PLENO

Por así telo solicitado un grupo de cinco concelleiros e concelleiras (2 UPSA, 2 PP e 1 GM-PSOE) o 30 de decembro do 2024, tratándose polo tanto dunha sesión extraordinaria a petición da cuarta parte do número legal de membros desta Corporación, procédesese por esta alcaldía a dar curso á petición de convocatoria.

Sen embargo, para que poida entrar en vigor antes da finalización do ano a modificación de crédito referida na orde do día debe convocarse a sesión sen a suxeición ao prazo correspondente establecido para as sesións extraordinarias. Logo de se lle ter explicado os asinantes da solicitude e non ter amosado a súa negativa para os efectos, e salvagardando tódalas garantías referidas ao procedemento de convocatoria de sesións, procédesese á convocatoria de sesión extraordinaria e urxente pero co contido sinalado polos concelleiros asinantes da convocatoria extraordinaria.

Segundo o establecido nos artigos 46, apartado 2, da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, 38 e ss do Regulamento orgánico municipal (ROM) e 78 e 80 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Convocar sesión do Pleno do Concello para a data, hora e lugar que se indican en primeira convocatoria, e corenta e oito horas máis tarde en segunda convocatoria, coa seguinte orde do día:

| | |
|---|--|
| Sesión de: Pleno | Data da sesión: 03 de decembro do 2024 |
| Convocatoria: Extraordinaria e urxente (conforme orde do día do pleno solicitado polo menos da cuarta parte do número legal de membros da Corporación) | Hora: 08.00 |
| | Lugar: Salón dos plenos da casa do concello |

ORDE DO DÍA

1º.- *Aprobación da urxencia da sesión.*

2º.- *Debate sobre a situación e evolución do expediente de ampliación do CEIP Sada y sus Contornos desde a aprobación do PXOM.*

3º.- *Modificación de crédito 32/24 para iniciar o expediente de Expropiación da ampliación do CEIP Sada y Sus Contornos tendo en conta a seguinte proposta:*

Primeiro.- Aprobar dentro do expediente de modificación de créditos 32/24, o crédito extraordinario 02/24 financiado con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais, debendo ser incrementados os créditos correspondentes ás aplicacións que se detallan a continuación por un importe global de 265.000 €

Segundo.- Dispor, en aplicación dos artigos 177 e 169 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, a exposición ao público durante 15 días hábiles mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen pertinentes. Se transcorrido o dito prazo non se formularen reclamacións, o expediente considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas

Terceiro.- Publicar, en cumprimento do artigo 169.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, o resumo por capítulos do expediente definitivamente aprobado no Boletín Oficial da Provincia.

SEGUNDO.- Dar traslado desta Resolución aos sres. concelleiros membros do órgano colexiado, advertíndolles que, conforme co disposto polo artigo 12.1 do RD 2568/86, do 28 de novembro, deberán comunicar coa antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a súa imposibilidade de asistir á citada sesión.



Edificio municipal de uso
administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

TERCEIRO.- Que se poña a disposición dos concelleiros a documentación íntegra dos asuntos incluídos na orde do día que deban servir de base para o debate e, de ser o caso, votación, na Secretaría do Concello, aparte da súa posta a disposición a través da sede electrónica municipal ou da súa remisión por medios dixitais.

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, e pola secretaria do Concello, María del Carmen Seoane Bouzas, o 02 de decembro do 2024.